

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15013591	CEIP Plurilingüe Santa María	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	5
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	7
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A intervención educativa nesta materia parte dunha planificación, organización e elaboración baseada na transversalidade co obxectivo de favorecer a autoestima do alumnado, conciencialo do coidado do entorno social e cultural e crear un clima na aula de cooperativismo.

Así mesmo, este proxecto interdisciplinario busca a autonomía do alumnado, o que se entende por un aprendizaxe permanente para conseguir a socialización, non só das alumnas e alumnos, xa que tamén abrangue a toda a comunidade educativa.

Podemos comprender a importancia da área do Proxecto Competencial cando nos decatamos de que ademais do desenvolvemento das competencias traballaremos outros elementos transversais tan importantes coma o emprendemento, os valores e a comunicación entre iguais.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

A área do Proxecto Competencial divídese en tres bloques:

Definición de proxectos

Execución de proxectos

Presentación dos mesmos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto competencial no noso entorno	Durante os tres trimestres etraballaremos nunha unidade didáctica que xirará en torno a unha metodoloxía que permitirá ao alumnado adquirir as competencias necesarias para o coidado do entorno, o desenvolvemento da súa autoestima e a transversalidade con outras áreas do curso.	100	35	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto competencial no noso entorno	35

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar e coñecer a finalidade do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Ser consciente da importancia dos materiais e recursos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar e seleccionar a información que manexamos.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Cumprir cos prazos e respectar a organización.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever algunhas das incidencias.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas á temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Traballar coas competencias requiridas.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Facer bo uso dos materiais e recursos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias que poidan xurdir.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Desenvolverse de xeito oral.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha boa linguaxe corporal.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais de maneira axeitada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación: secuenciación e temporalización. - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía abrangue varios aspectos que temos que ter en conta á hora de desenvolver o noso traballo. Antes de comezar, é necesario coñecer as ideas previas, as dificultades da aprendizaxe, o procedemento de traballo e anticiparlles as tarefas previas aos alumnos e alumnas.

Así mesmo, por un lado, debemos buscar un traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades, e por outra banda traballar en grupo, en equipo ou de forma cooperativa, no desenvolvemento das actividades e dos desafíos, agrupando aos alumnos e alumnas en grupos e utilizando as estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e a interacción.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a transversalidade como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Os contidos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais, materiais, tecnolóxicos e dixitais.

No centro contamos con varios recursos imprescindibles para unha boa práctica educativa, entre os recursos persoais temos que ter en conta a toda a comunidade educativa.

Familias, docentes (titores, especialistas, departamento de orientación e diversas axudas externas para o correcto funcionamento do centro).

Dispoñemos de abundantes recursos materiais (mapas, regras, compás, corpos xeométricos, cartolinas, pinturas, pegamentos, tesoiras, papeis de diferentes tamaños, archivadores , xogos, fichas, instrumentos diversos para a escritura ... que utilizaremos cada vez que sexa necesario).

Igualmente formarán parte destes, todos aqueles materiais que nos ofrece o entorno.

En canto aos recursos dixitais e tecnolóxicos, destacar o uso da pizarra dixital e dos ordenadores persoais das alumnas e alumnos, que poderán utilizar para a búsqueda de información e para elaborar as exposicións.

Estes últimos ao estar no proxecto E-Dixgal, son de gran utilidade para gran parte dos traballos e proxectos do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial non só diagnostica os coñecementos previos, tamén nos dá sinais do seu estado emocional, dos seus intereses e das súas habilidades.

Coñecer aos nosos alumnos axudaranos a construír un programa educativo acorde cos obxectivos de aula para conseguir o máximo desenvolvemento persoal e social.

Neste caso, para desenvolver o proxecto competencial recolleremos información nas primeiras sesións mediante debates para coñecer as ideas das alumnas e alumnos e así facer rexistros de observación directa, o que nos servirá como punto de partida para elaborar o noso proxecto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

Como instrumentos de avaliación teremos en conta nesta área as táboas de indicadores, non levaremos a cabo ningunha proba escrita, centrarémonos na elaboración e presentación do proxecto, aínda así valoraremos a expresión e comprensión oral e escrita á hora de traballar.

Criterios de recuperación:

As alumnas e alumnos que non acaden o suficiente na avaliación deberán entregar os tarefas pendentes na data indicada e elaborados de maneira correcta, tendo en conta as pautas e os criterios marcados para cada traballo. Realizaranse diferentes traballos en folios e cartolinas onde a alumna ou alumno deberá amosar un coñecemento teórico-práctico e estratexias para a búsqueda de información.

6. Medidas de atención á diversidade

Para que o alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento do proxecto competencial e das súas capacidades persoais, así coma os obxectivos e as competencias, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas (realizar o proxecto competencial en grupo, fortalecer a autoestima ...) que aseguren o seu progreso axeitado, priorizando as de carácter ordinario.

Coa autonomía pedagóxica da que dispoñemos como mestres/as e contando cos recursos do centro, tanto persoais como materiais, teremos en conta na programación estas disposicións para adaptarnos ás demandas do noso grupo, tendo como norma xeral da atención á diversidade os principios de normalización e inclusión.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Fomento da creatividade.	X
ET.6 - Educación para a paz.	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable.	X
ET.8 - Competencia dixital	X
ET.9 - Igualdade entre homes e mulleres	X
ET.10 - Resolución pacífica de conflitos	X

Observacións:

Traballaremos estes elementos transversais cunha atención personalizada do alumno segundo as súas necesidades e fomentaremos durante todo o proceso o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas	Recibir charlas formativas sobre temas relacionados co proxecto competencial.	X	X	X
Obradoiros	Obradoiros que fomenten o respecto pola contorna.	X	X	X
Proxectos relacionados coa temática da biblioteca	Colaboramos en proxectos relacionados coa biblioteca do centro	X	X	X
PVAD	Participamos no Plan Proxecta +	X	X	X

Observacións:

As actividades realizaranse en beneficio da formación integral co obxectivo de completar a formación. En calquera caso, participase en todas as conmemoracións recollidas no calendario escolar e que resulten relacionadas co proxecto competencial

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Motivación do alumnado.
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Nivel de intervención activa do alumnado en debates.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre o alumnado.

Descrición:

Os indicadores de logro son un sinal para coñecer o grado de asimilación dos contidos e saber o que aprenderon as alumnas e alumnos, así visualizamos se o alumnado ten unha tendencia positiva dentro dos diferentes niveis.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante todo o curso escolar valorarase un seguimento global do alumnado, polo que se terán en conta aspectos curriculares e o modo en que estos contribuíron ao desenvolvemento das competencias.

A cualificación terá unha correspondencia co grado do logro dos obxectivos e teremos os indicadores de logro como referentes comúns.

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento da unidades didáctica levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

9. Outros apartados